

COMUNICADO 12 – CONCILIACIÓN SETEMBRO

29 de agosto de 2025

Benqueridas familias:

Parece que foi onte cando marchabamos de vacacións escolares e... xa estamos de novo!

Por diante temos o mes de setembro par ir comezando pouco a pouco, mes no que o noso alumnado de Educación Primaria non ten clase pola tarde, o que pode ser unha dificultade á hora de conciliar familia e traballo.

Por iso, e dende a experiencia positiva de xuño, lanzamos esta campaña de conciliación para eses días de setembro nos que xa hai clase, pero só polas mañás.

Por outra banda, pode ser unha oportunidade para que os pequenos proben os distintos deportes que ofertamos.

Ofertamos de novo Fútbol e Baloncesto a través Club, así como o surf, que traemos unha vez máis da man de **Brava Surf**, e esta vez engadimos o judo, deporte que teremos tamén ao longo do ano para algunhas idades.

A parte de surf terá lugar, sempre que as condicións meteorolóxicas e marítimas o permitan, na praia do Orzán, ao lado das nosas instalacións, e nela desenvolveranse as actividades de surf e SUP (*Stand Up Paddle*). Cando as condicións meteorolóxicas e marítimas non o permitan, realizarase no ximnasio do pavillón a actividade de *surf & skate*.



Para estas actividades, os deportistas deberán traer roupa apta para a práctica deportiva, unha camiseta de reposto (opcional) e auga. Ademais, para o surf tamén deberán traer un traxe de baño tipo piscina (para evitar roces co neopreno), chancletas, toalla e protección solar. Para judo non será obrigatorio traer judogi, xa que será unha introdución a este deporte.



- ✓ **Para quen?:** Nenas e nenos que fagan Educación Primaria no Colexio Salesiano.
- ✓ **Cando?:** Do 9 ao 30 de setembro, distribuído do seguinte xeito:
 - Luns e xoves, de 16.00h a 17.30h: Fútbol Sala.
 - Martes e venres, de 16.00h a 17.30h: Baloncesto.
 - Mércores, con dúas posibilidades:
 - de 16.00h a 18.00h: Surf¹.
 - de 16.00h a 17.30h: Judo.
 - NOTA: Para o horario que queda entre o comedor e esta actividade, o colexio dispón da posibilidade de solicitar unha ampliación do tempo de comedor (consultar no colexio).
- ✓ **Como apuntarse?:** Nesta [ligazón](#) ata o 8 de setembro ás 17h. Despois só se poderán facer novas inscricións ou ampliacións se hai prazas libres.

Uns días despois de cubrir o formulario recibiredes un correo coas indicacións para proceder ao pago.

A actividade precisa dun **número mínimo de participantes**, de non chegar ao mínimo nalgún deporte non poderá ter lugar e poñerémonos en contacto convosco para comunicalo o mesmo 8 de setembro e proceder coa devolución do diñeiro. Neste caso, sempre ofertariamos unha alternativa de conciliación non necesariamente deportiva para as familias que o precisen, de xeito que ningún neno quede “só” a véspera de comezar.

PREZOS

	Xeral	Deportistas do Club
Fútbol Sala	25 €	22 €
Baloncesto	25 €	22 €

¹ A ubicación do surf o mércores en vez do venres, cando parecería lóxico, débese á compatibilización do pavillón coas clases de Educación Física que teñen na ESO os mércores pola tarde. No caso de superar o número máximo de inscritos por grupo habería que crear un segundo grupo noutro horario, a negociar.



Surf	63 €	63 €
Judo	15 €	13 €
Fútbol Sala + Baloncesto	46 €	40 €
Fútbol Sala + Surf	86 €	83 €
Baloncesto + Surf	86 €	83 €
Fútbol Sala + Baloncesto + Surf	106 €	100 €
Fútbol Sala + Judo	38 €	33 €
Baloncesto + Judo	38 €	33 €
Fútbol Sala + Baloncesto + Judo	60 €	52 €

Os días soltos só estarán permitidos en Fútbol Sala, Baloncesto e Judo, a un prezo de 6€/día en xeral e de 5€/día para deportistas do Club.

IRMÁNS

No caso dun segundo, terceiro... irmá/n, o prezo destes será:

	Xeral	Deportistas do Club
Fútbol Sala	23 €	20 €
Baloncesto	23 €	20 €
Surf	63 €	63 €
Judo	14 €	12 €
Fútbol Sala + Baloncesto	43 €	37 €
Fútbol Sala + Surf	85 €	82 €



salesianos
CORUÑA

Club Deportivo

Baloncesto + Surf	85 €	82 €
Fútbol Sala + Baloncesto + Surf	104 €	98 €
Fútbol Sala + Judo	36 €	31 €
Baloncesto + Judo	36 €	31 €
Fútbol Sala + Baloncesto + Judo	56 €	48 €

Os días soltos, de novo, só estarán permitidos en Fútbol Sala, Baloncesto e Judo, a un prezo de 5€/día en xeral e de 4,50€/día para deportistas do Club.

DEVOLUCIÓN

En caso de baixa **antes do 8 de setembro** devolverase o **100% da inscrición**.

A partir desta data non se farán devolucións.

Se tedes algunha dúbida, podedes poñervos en contacto connosco por WhatsApp no 653 69 49 24 ou mandando un correo electrónico a club@clubsalesianoscoruna.es.

Desexando que poidamos axudar aos nosos deportistas a ser protagonistas da súa historia a través dun Deporte cada vez máis Educativo e máis Salesiano na nosa Casa, saudámosvos.

Unha aperta,



Club Salesianos Coruña